

 <p>Rúa Velázquez Moreno, 9, of. 402 36201 Vigo Tel: 986 120 342 www.preventecnia.com</p>	ANEXO AO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN – COVID-19			
	CENTRO DE TRABAJO:	CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA Rúa Felipe Prósperi, s/n Vigo		
TITULAR:	XUNTA DE GALICIA - CONSERVATORIO PROF. DE MÚSICA	Data: 09/11/2020	Ref. Documento: AP-2008861228	Edición: 1
				Pág. 1 de 11

Elabórase o presente Anexo ao Plan de Autoprotección do Conservatorio de Música Profesional de Vigo, pola aparición dun novo risco non contemplado na revisión actual (Rev.1) do documento: O risco de contaxio da COVID-19

Para manter actualizado o Plan de Autoprotección do centro é necesario incluír unha avaliación do risco de contaxio da COVID-19 xunto coa proposta de medidas preventivas asociadas, que neste caso están establecidas polas novas normativas de seguridade e protocolos de obrigado cumprimento. Por outra banda, será necesario engadir ao inventario de medios de autoprotección aqueles medios que sexan necesarios para aplicación das devanditas medidas preventivas, así coma os correspondentes planos que detallen a nova distribución de accesos, saídas e direccións de circulación no edificio.

Pedro Murciego Delgado
T.N. Superior PRL
PREVENTECNIA

ÍNDICE DO ANEXO

AVALIACIÓN DO RISCO DE CONTAXIO DE COVID-19 E MEDIDAS PREVENTIVAS.....	2
INVENTARIO DE MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN	10
PLANOS DE ACCESOS, SAÍDAS E DIRECCIÓNS DE CIRCULACIÓN (COVID-19)	11

AVALIACIÓN DO RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19 E MEDIDAS PREVENTIVAS

Para minimizar o risco de contaxio da COVID-19, é necesario implantar unha serie de medidas, no marco da normativa vixente sobre medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.



Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel Risco
CONTAXIO DE COVID-19	Probable	Catastrófico	A INTOLERABLE

Medidas de Protección – RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Segundo a normativa de aplicación⁽¹⁾ no que se refire a **Medidas de hixiene e prevención exigibles a todas as actividades**, establécense as seguintes condicións:

1.2. Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.

Para garantir a distancia interpersoal de 1,5 m organizaranse a actividade docente en función do tamaño das aulas e o número de alumnos. Nas zonas de espera, biblioteca e no auditorio anularanse asentos (mediante sinais de prohibido sentar) de xeito que os espazos que queden habilitados estean a máis de 1,5 m os uns dos outros. E nas zonas nas que se podan formar colas (mostrador de información, etc.) marcarase a distancia interpersoal no chan.

Segundo o establecido no **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021**, apartado 3, Medidas xerais de protección individual:

3.1A Manterase unha distancia interpersoal, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

[...]

3.1. A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarse dende o centro das cadeiras.

Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:

- Retirarase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible.
- Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión, tales como laboratorios, aulas de música ou similares.,

3.3A..c). Cando o tamaño da aula ou taller non permita a distancia, con carácter xeral, de 1,5 metros entre postos buscaranse espazos alternativos onde sexa posible gardala. Noutro caso, poderase habilitar o espazo dispoñible mediante a utilización de mamparas de separación sempre que se respecte unha distancia mínima de 1m respecto dos postos que o rodeen, medidos dende o centro da cadeira. Así mesmo, nos talleres de Formación Profesional e ensinanzas de Réxime Especial, cando proceda, polas características da actividade e non se poida manter a distancia, con carácter xeral, de 1,5 metros, adoptaranse como medida adicional o uso de pantallas de protección facial.

16.4. [...] Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de frauta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersoal elevarase a 3 metros.

1.3.a). Obrigatoriedade do uso de máscaras. a) Obriga xeral. Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

A utilización de máscara será unha condición de acceso ao centro, e así estará sinalizado na entradas⁽²⁾. O uso de máscara será obrigatorio durante a circulación e permanencia no edificio, tanto polo persoal coma polos alumnos ou público presentes no centro.

Segundo o establecido no **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021**, apartado 3, Medidas xerais de protección individual:

3.2. “O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio.

A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

Dentro da información a subministrar ás familias o alumnado e o persoal dos centros incluírase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso. Na cartellaría do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre uso de máscaras⁽²⁾.

(1) RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, modificada pola RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, e pola RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

(2) A cartellaría e sinalética está definida no PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021, nos puntos 21.1 e 21.2

 <p>Rúa Velázquez Moreno, 9, of. 402 36201 Vigo Tel: 986 120 342 www.preventecnia.com</p>	ANEXO AO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN – COVID-19			
	CENTRO DE TRABAJO:	CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA Rúa Felipe Prósperi, s/n Vigo		
	TITULAR:	XUNTA DE GALICIA - CONSERVATORIO PROF. DE MÚSICA	Data: 09/11/2020	Ref. Documento: AP-2008861228 Edición: 1

Medidas de Protección – RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Segundo a normativa de aplicación⁽¹⁾ no que se refire a **Medidas de hixiene e prevención exigibles a todas as actividades**, establécense as seguintes condicións:

1.3.b.3ª). No caso [...] da actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza observárase o indicado especificamente nas medidas recollidas nos números [...] e 3.41, respectivamente.

3.41. Na actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza, todos os profesores e alumnos que non utilicen instrumentos de vento deberán levar máscara durante toda a clase. Os alumnos e profesores de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento do uso do instrumento, recomendarase o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación.

O profesorado velará polo cumprimento do uso da máscara, permitindo a retirada da máscara nos momentos de uso de instrumentos de vento. O uso do instrumento de vento realizarase detrás de pantallas ou anteparos de separación.

Os instrumentos musicais que compartan varios alumnos deberán ser desinfectados tras o seu uso por cada alumno.

Xunto a cada instrumento compartido haberá material para a desinfección do mesmo, e será desinfectado ao finalizar o uso de cada alumno. Tamén estará dispoñible xel hidroalcolico ou desinfectante para o seu uso recorrente con carácter previo e posterior ao uso do instrumento compartido.

Recoméndase limpar e desinfectar con maior periodicidade os chans das aulas de instrumentos de vento.

No protocolo de limpeza establecerase unha maior periodicidade neste tipo de aulas.

1.3.c). Condicións de uso da máscara. Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído. Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

A correcta utilización de máscara será unha condición de acceso ao centro, así estará sinalizado na entrada e o persoal debe estar pendente do seu cumprimento. O persoal docente debe saber recoñecer as máscaras dotadas de válvula exhalatoria e impedir o seu uso no centro.

1.3.d). Excepcións á obriga de uso da máscara. A obriga de uso de máscara non será exigible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

No caso de que exista persoal ou alumnos que cumpran algún dos tres supostos, quedarán autorizados para non utilizar máscara pola dirección do centro, previa presentación dos xustificantes médicos correspondentes.

(1) RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, modificada pola RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, e pola RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Medidas de Protección – RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Segundo a normativa de aplicación⁽¹⁾ no que se refire a **Medidas de hixiene e prevención exixibles a todas as actividades**, establécense as seguintes condicións:

2.1.a) O titular da actividade económica ou, de ser o caso, o director ou responsable dos centros, instalacións, espazos de uso público e entidades deberá asegurar que se adoptan as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ás características e intensidade de uso dos establecementos, locais, instalacións ou espazos recollidas a continuación.

Nas tarefas de limpeza e desinfección prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características, conforme as seguintes pautas:

1ª) Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.

2ª) Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.

As medidas de limpeza estenderanse tamén, de ser o caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como vestiarios, armarios, aseos, cociñas e áreas de descanso.

b) Así mesmo, cando existan postos de traballo compartidos por máis dun traballador, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.

Xunto a cada posto de traballo compartido haberá material para a desinfección do mesmo, e será desinfectado ao finalizar o uso de cada traballador. Tamén estará dispoñible xel hidroalcolíco ou desinfectante para o seu uso recorrente con carácter previo e posterior ao uso do posto compartido.

d) Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.

Na medida do posible ventilaranse os espazos varias veces ao día, e o sistema de climatización debe ter desactivada a recirculación de aire. Valorarase a instalación de medidores de CO₂ para monitorizar a necesidade de ventilar un espazo.

e) Cando os centros, entidades, locais e establecementos dispoñan de ascensor ou montacargas, utilizaranse preferentemente as escaleiras. Cando sexa necesario utilízalos, a ocupación máxima será do cincuenta por cento da súa capacidade e será obrigatorio o uso da máscara por parte das persoas ocupantes nos termos previstos no número 1.3

Sinalizarase no ascensor que o seu uso queda restrinxido a persoas coa mobilidade reducida, indicarse o novo número máximo de usuarios e a obriga de usar máscara.

f) A ocupación máxima para o uso dos aseos, vestiarios [...] será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia; nese caso tamén se permitirá a utilización por parte do seu acompañante. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinaríos que teña a estancia, e deberá manterse durante o seu uso a distancia de seguridade interpersoal. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos espazos garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene.

Planta Baixa:

- Na porta de cada un dos dous vestiarios sinalizarase a limitación de uso a unha única persoa.
- Na porta do aseo adaptado sinalizarase a limitación de uso a un único usuario e un acompañante.
- Na porta de cada aseo de homes/mulleres sinalizarase a limitación de uso a dúas persoas, e recordarase a obriga de manter a distancia

Planta Primeira:

- Na porta de cada un dos dous aseos adaptados sinalizarase a limitación de uso a un único usuario e un acompañante.
- Na porta de cada aseo de homes/mulleres sinalizarase a limitación de uso a dúas persoas, e recordarase a obriga de manter a distancia

Planta Segunda:

- Na porta de cada un dos dous aseos adaptados sinalizarase a limitación de uso a un único usuario e un acompañante.
- Na porta de cada aseo de homes/mulleres sinalizarase a limitación de uso a dúas persoas, e recordarase a obriga de manter a distancia

h) Disporase de papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día.

A dirección do centro debe instalar papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable, no acceso e saída do edificio, nas aulas e cabinas, na biblioteca, nos corredores, nos aseos, nas oficinas e no auditorio. Serán limpadas como mínimo unha vez ao día.

i) Aqueles materiais que sexan subministrados aos usuarios durante o desenvolvemento da actividade e que sexan de uso compartido deberán ser desinfectados logo de cada uso.

Xunto ao lugar de almacenamento dos materiais compartidos haberá material para a desinfección dos mesmos, e será desinfectado ao finalizar o uso de cada usuario. Tamén estará dispoñible xel hidroalcolíco ou desinfectante para o seu uso recorrente con carácter previo e posterior ao uso do material compartido.

(1) RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, modificada pola RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, e pola RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

 <p>Rúa Velázquez Moreno, 9, of. 402 36201 Vigo Tel: 986 120 342 www.preventecnia.com</p>	ANEXO AO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN – COVID-19			
	CENTRO DE TRABAJO:	CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA Rúa Felipe Prósperi, s/n Vigo		
	TITULAR:	XUNTA DE GALICIA - CONSERVATORIO PROF. DE MÚSICA	Data: 09/11/2020	Ref. Documento: AP-2008861228 Edición: 1

Medidas de Protección – RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Respecto á hixiene de mans, a normativa de aplicación⁽¹⁾ establece as seguintes condicións:

3.4.6. Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.

Instalaranse dispensadores de xel hidroalcohólico en diferentes lugares do centro.

3.4.7. Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas. comúns.

Exhibiranse carteis nos accesos ao centro nos que se indique a obriga de hixienizar as mans, e comprobarase o seu cumprimento.

16.2. Nas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

Instalaranse dispensadores no acceso as aulas, que todas as persoas deberán utilizar ao acceder ás mesmas.

(1) PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-21 VERSIÓN 04-11-20

Medidas de Protección – RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Respecto ao uso da biblioteca, a normativa de aplicación⁽¹⁾ establece as seguintes condicións:

18.1 A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo. Excepcionalmente, se posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.” O responsable de biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.” 18.2 “O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. Ao rematar, os usuarios da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.” 18.3 “O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 24 horas antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.” 18.4 “Aplicanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias

Exhibirase un cartel no acceso á biblioteca co novo aforo indicado. Estará dispoñible un dosificador de xel hidroalcohólico de uso obrigatorio para acceder á Biblioteca. Inhabilitaranse postos de lectura de xeito que se poda garantir a distancia interpersonal. Nos postos inhabilitados retirarase a cadeira e sinalizarase na mesa a prohibición de uso. Estará dispoñible material de desinfección para que os usuarios podan deixar o posto limpo.

(1) PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-21 VERSIÓN 04-11-20

CENTRO DE TRABAJO:**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA**
Rúa Felipe Prósperi, s/n Vigo**TITULAR:**

XUNTA DE GALICIA - CONSERVATORIO PROF. DE MÚSICA

Data: 09/11/2020

Ref. Documento: AP-2008861228

Edición: 1

Pág. 6 de 11

Medidas de Protección – RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Respecto ás Medidas específicas para o profesorado, a normativa de aplicación⁽¹⁾ establece as seguintes condicións:

26.1. Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

26.2. O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

26.3. En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

26.4. Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

26.5. O equipo directivo determinará o aforo máximo de salas de profesores e departamentos que permita cumprir a distancia de seguridade, con carácter xeral, de 1,5 metros, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras.

26.6. Na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante videochamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade e o emprego de máscara xunto coa dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.


(1) PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-21 VERSIÓN 04-11-20

Medidas de Protección – RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Respecto ás Posibles actividades no Auditorio David Russell, segundo a normativa de aplicación⁽¹⁾ no que se refire a **Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas**, establécense as seguintes condicións:

3.18.1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o setenta e cinco por cento da capacidade permitida en cada sala.

Para calquera actividade no auditorio deberán emitirse invitacións ou entradas nominais con butaca preasignada. O número máximo de butacas dispoñibles será de 76 (75% de 102) en todo caso o mantemento da distancia interpersonal implica a redución a 30 localidades únicas (6 cada 2 filas). Se estivese prevista asistencia de conviventes, poderase reestruturar a disposición agrupando as butacas necesarias, pero sempre respectando a distancia interpersonal entre persoas non conviventes.



3.18.3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.

O uso de máscara será obrigatorio para o acceso ás instalacións, e así estará sinalizado na entrada. O mantemento da distancia interpersonal implica a redución a 30 localidades individuais (6 cada 2 filas). Se estivese prevista asistencia de conviventes, poderase reestruturar a disposición agrupando as butacas necesarias, pero sempre respectando a distancia interpersonal entre persoas non conviventes.

(1) RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, modificada pola RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, e pola RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Medidas de Protección – RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Respecto ás Posibles actuacións no Auditorio David Russell, segundo a normativa de aplicación⁽¹⁾ no que se refire a **Medidas de hixiene e prevención comúns a colectivos artísticos**, establécense as seguintes condicións:

2.9.a) Cando haxa varios artistas simultaneamente no escenario, a dirección artística procurará que se manteña a distancia interpersoal de seguridade no desenvolvemento do espectáculo.

Teranse en conta as dimensións do escenario para a preparación de eventos no Auditorio, establecendo un límite máximo de artistas no escenario, e dispoñéndoo de xeito que se respecte a distancia interpersoal.

2.9.b) Naquelas actuacións ou espectáculos en que non se poida manter a dita distancia de seguridade, nin o uso de equipamentos de protección adecuados ao nivel de risco, como é o caso daqueles en que interveñan actores e actrices, atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir dos protocolos e recomendacións das autoridades sanitarias.

En todo caso, e entres non se publique normativa específica, atenderase ás medidas establecidas pola normativa⁽²⁾ para festas, verbenas e outros eventos populares, na que se establecen as seguintes condicións:

ORQUESTRAS, BANDAS E OUTRAS AGRUPACIÓNS MUSICAIS

1. Durante a actuación e os ensaios de orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, as persoas integrantes deberán manter a distancia de seguridade e, se iso non é posible, reducirase o número de compoñentes de xeito que se cumpra coa dita distancia. A disposición dos músicos no escenario realizarase de xeito que se manteña a distancia interpersoal de 1,5m, establecéndose un límite orientativo de 30 persoas.

2. Todos os compoñentes da orquestra, banda ou agrupación musical que non sexan intérpretes de instrumentos de vento ou vocalistas deberán levar máscara durante toda a actuación ou ensaio. Os vocalistas e os intérpretes de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento da súa intervención vocal ou durante o uso do instrumento e deberán manter a distancia de seguridade durante a súa actuación e os ensaios, evitando situarse enfronte doutros intérpretes e recomendándose o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación. O uso da máscara e a desinfección de mans serán condicións obrigatorias o para o acceso ao escenario, coas excepcións (no referente á máscara) previstas na norma (vocalistas e instrumentistas de vento)

3. Recoméndase limpar e desinfectar con maior periodicidade os chans dos espazos de actuación ou ensaio con instrumentos de vento. Nos cambios de artista no mesmo escenario realizarase unha desinfección dos elementos técnicos compartidos. No caso de presenza de instrumentistas de vento, limparase o chan na súa zona do escenario. No uso de micrófonos persoais para cada vocalista, dado que se trata de material compartido, desinfectaranse as carcacas e protexeranse as caperuzas con flim plástico desbotable, ou mediante o uso de antipops de espuma persoais para cada cantante, no seu caso.

4. As actuacións e ensaios en exteriores ou en recintos diferentes aos habituais realizaranse seguindo, ademais, as medidas de prevención específicas deses espazos e sempre gardando a distancia de seguridade interpersoal. De programarse actuacións ou ensaios en lugares non habituais, coordinarase o acceso e permanencia a eses espazos cos seus responsables, cumprindo as súas medidas de prevención específicas e gardando a distancia interpersoal.

COROS E AGRUPACIÓNS VOCAIS

1. Nas actuacións que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersoal entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público. A disposición dos cantantes no escenario realizarase de xeito que se manteña a distancia interpersoal de 1,5m, recomendándose unha distancia de 2 m se fose posible.

2. Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación. O uso da máscara e a desinfección de mans serán condicións obrigatorias o para o acceso ao escenario.

(1) RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, modificada pola RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, e pola RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

 <p>Rúa Velázquez Moreno, 9, of. 402 36201 Vigo Tel: 986 120 342 www.preventecnia.com</p>	ANEXO AO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN – COVID-19				
	CENTRO DE TRABAJO:	CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA Rúa Felipe Prósperi, s/n Vigo			
TITULAR:	XUNTA DE GALICIA - CONSERVATORIO PROF. DE MÚSICA	Data: 09/11/2020	Ref. Documento: AP-2008861228	Edición: 1	Pág. 9 de 11

Medidas de Protección – RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Se algunha persoa presenta síntomas compatibles coa COVID-19 no centro, a normativa de aplicación⁽¹⁾ establece as seguintes actuacións:

Levarase á persoa a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado) e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.

(1) PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-21 VERSIÓN 04-11-20

 <p>Rúa Velázquez Moreno, 9, of. 402 36201 Vigo Tel: 986 120 342 www.preventecnia.com</p>	ANEXO AO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN – COVID-19			
	CENTRO DE TRABAJO:	CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA Rúa Felipe Prósperi, s/n Vigo		
	TITULAR:	XUNTA DE GALICIA - CONSERVATORIO PROF. DE MÚSICA	Data: 09/11/2020	Ref. Documento: AP-2008861228 Edición: 1 Páx. 10 de 11

INVENTARIO DE MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN

Medio de Autoprotección	Situación	Unidades
Pantallas ou Anteparos de protección	Aulas Instrumentos de vento, canto e gaita	A CUBRIR POLA DIRECCIÓN DO CENTRO
Xel Hidroalcolico	Para a recarga dos dispensadores	A CUBRIR POLA DIRECCIÓN DO CENTRO
Dispensadores de Xel hidroalcolico	En tódolos espazos: En cada aula, cabina, biblioteca, oficinas, acceso, saída, etc...	A CUBRIR POLA DIRECCIÓN DO CENTRO
Papeleiras con Pedal	Servizos e sala de illamento	A CUBRIR POLA DIRECCIÓN DO CENTRO
Material de desinfección (pano e viricida autorizado)	Xunto aos instrumentos e/ou equipos compartidos	A CUBRIR POLA DIRECCIÓN DO CENTRO
Cartelaría informativa	Accesos ao edificio, aulas, aseos, ascensor, asentos, etc...	A CUBRIR POLA DIRECCIÓN DO CENTRO
Reserva de máscaras	Dispoñibles en conserxería	A CUBRIR POLA DIRECCIÓN DO CENTRO

 <p>Rúa Velázquez Moreno, 9, of. 402 36201 Vigo Tel: 986 120 342 www.preventecnia.com</p>	ANEXO AO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN – COVID-19				
	CENTRO DE TRABAJO:	CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA Rúa Felipe Prósperi, s/n Vigo			
TITULAR:	XUNTA DE GALICIA - CONSERVATORIO PROF. DE MÚSICA	Data: 09/11/2020	Ref. Documento: AP-2008861228	Edición: 1	Pág. 11 de 11

PLANOS DE ACCESOS, SAÍDAS E DIRECCIÓN DE CIRCULACIÓN (COVID-19)

- PLANO A-1 - ACCESOS, SAÍDAS E DIRECCIÓN DE CIRCULACIÓN PLANTA BAIXA
- PLANO A-1 - ACCESOS, SAÍDAS E DIRECCIÓN DE CIRCULACIÓN PLANTA PRIMEIRA
- PLANO A-1 - ACCESOS, SAÍDAS E DIRECCIÓN DE CIRCULACIÓN PLANTA SEGUNDA

(Planos incluídos nas seguintes páxinas, formato A3)

